

Garantías e crédito horario

- Ademais do crédito horario establecido pola Lei de 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, garántese o tempo necesario para reunións ás que o convoque a empresa ou do Comité de Seguridade e Saúde.

Propostas da USO para a Acción Sindical en PRL

- Participar nas avaliacións de riscos.
- Actuar nos cambios de posto de persoas especialmente sensibles.
- Xestión dos problemas coas mutuas e a incapacidade temporal.
- Implementación de medidas #ante accidentes laborais e enfermidades profesionais.
- Acompañamento de técnicos para avaliacións de riscos.
- Tempo para formación en materia de prevención.

DÁ O PASO AFÍLIATE! EN: www.uso.es



Síguenos en:



**Dá o paso nas
eleccións sindicais
cun sindicato
independente.**

COMA TI





USO coa saúde laboral

A PRL é unha débeda pendente nas pemes, que é onde se producen a maior parte de accidentes laborais. Por iso, é fundamental que se celebren eleccións para que, a través dos delegados e delegadas de persoal, que son á súa vez delegados e delegadas de prevención, leve a cabo o labor de defensa, asesoramento, proposta e denuncia para conseguir unhas condicións laborais máis saudables e seguras.

Os delegados e delegadas de prevención son:

Representantes das persoas traballadoras con funcións específicas en materia de prevención.

Deben ser consultados e informados sobre: Información sobre riscos e medidas preventivas.

- A organización e desenvolvemento das actividades de protección da saúde e prevención dos riscos, plan de prevención, avaliación de riscos, planificación preventiva, EPIS, servizo de prevención, etc.
- Accidentes laborais e enfermidades profesionais.
- Formación en materia preventiva, o seu proxecto, planificación e contidos.
- Os resultados dos controis periódicos e estatísticas da vixilancia da saúde.
- Incorporación de persoal de empresas de traballo temporal e condicións de subcontratas.

DÁ O PASO AFÍLIATE! EN: www.uso.es



Síguenos en:



Para contribuír á mellora das condicións laborais poden:

- Denunciar na Inspección de Traballo incumprimentos da lei ou acordos.
- Proponer medidas preventivas.
- Asesoramento e apoio sindical: o servizo de prevención debe asesoralos.
- Os asesores e asesoras do sindicato poden acudir aos Comités SYS. Paralización do traballo en caso de risco grave e inminente.
- Ser informados sobre os accidentes. Poden presentarse, mesmo fóra da súa xornada, no lugar dos feitos e participar na investigación.
- Coordinación de actividades empresariais: os delegados e delegadas de prevención de empresas nas que concorran outras deben ser consultados sobre as mesmas. Poderán reunirse cos delegados e delegadas de prevención das outras empresas ou co persoal.
- Inspección dos lugares de traballo e acompañamento aos técnicos de prevención nas súas visitas de avaliación e á Inspección de Traballo.

